

ELECCIÓN SINDICAIS PARA PAS LABORAL E PDI

O próximo 9 de xaneiro comeza o proceso electoral para renovar e elixir (en Ourense por primeira vez vai haber comité) os Comités de Empresa e a Xunta de Persoal Funcionario do persoal Docente e Investigador, o prazo para a presentación de candidaturas remata o 25 do mesmo mes e o día fixado para a votación será o vindeiro 27 de febreiro.

Neste momento estamos a traballar na confección das listas, coas que nos imos presentar, e no programa electoral. Desde aquí animámosvos a participar xunto con CC OO no noso proxecto sindical, que está aberto á colaboración de todos e de todas.

Nesta etapa que se vai a iniciar coa constitución dos novos órganos, o noso sindicato comprométese a seguir traballando, mantendo a nosa ética e línea de actuación, para mellorar as condicións laborais de tódolos traballadores e traballadoras.